



A titoría hoxe

REVISTA GALEGA
DE EDUCACIÓN
PUBLICACIÓN DE NOVA ESCOLA GALEGA

ISSN: 1132-8932

Páx. 12-13

Miguel Anxo Nogueira Pérez

Grupo de Investigación DIOEP

miguelanxo.nogueira@usc.es

A acción titorial no sistema educativo fixo xa un longo percorrido nestas últimas décadas en España e Galicia, en especial a raíz da Lei Xeral de Ordenación do Sistema Educativo (LOXSE) de 1990, articulándose a súa organización de forma precisa, cando menos dende o papel, e baixo o abeiro da Orientación Educativa, tanto para o ensino infantil e primario como para o secundario. Pero, a pesar deste panorama que debera dar por suposto o seu asentamento como un factor de calidade incluído, recoñecido e desenvolvido no noso sistema educativo, este ámbito segue a demandar unha maior posta en escena de

procedementos que realmente impliquen a toda a comunidade educativa na complexa tarefa de formar de maneira integral ao noso alumnado no seu tránsito polo ensino obrigatorio.

Polo tanto, cabe preguntarse como se desenvolveu ata hoxe a práctica diaria da acción titorial dende os centros educativos, en especial no ensino obrigatorio. E podemos comezar sinalando que parece que non abundan investigacións sobre a avaliación da aplicación das funcións titoriais no ensino primario e secundario. Os primeiros resultados de estudos de carácter puntual ao final da década dos

90 do século XX, centrados na secundaria (Comellas, 1999), salientaban que o funcionamento das titorías non estaba o suficientemente elaborado, nin se implicara de maneira clara aos protagonistas que debían participar nela (alumnado, familias e profesorado). Case unha década despois, Sobrado (2007) presentaba un estudo sobre a avaliación das cuestións comúns relativas á realización de accións de orientación e titoría educativa en centros educativos de Galicia. Nos seus resultados, o profesorado titor destacaba como tarefas frecuentes as relacionadas co control de faltas de asistencia e puntualidade e a información titorial sobre o comezo de curso, quedando nun segundo plano as relacionadas coa orientación académica e o desenvolvemento psico-social do alumnado. Resultados de investigacións posteriores, tamén de carácter territorial (López Gómez, 2013), incidían na importancia da titoría para o bo funcionamento do centro e do ensino. Con todo, chegábase á conclusión de que existían problemas prácticos, xa que bastantes profesores e profesoras, en especial de secundaria, non querían ser titores/as polas dificultades que supuña, pola súa responsabilidade e o escaso recoñecemento que ten exercer dita función.

A administración educativa estatal tamén veu ofrecendo datos de interese sobre a acción titorial no ensino non universitario a través do Sistema Estatal de Indicadores, elaborado polo Instituto de Avaliación. Nel contempláronse indicadores sobre a titoría e a orientación, que destacaban altas porcentaxes de profesorado (nunca menos do 50%) que manifestaban que (en especial nos de infantil e primaria), se aplicaban nun alto grao as funcións titoriais (Ayllón, Benedí, Bonilla, Calleja, e Martín, 2006). Pero, a partir do ano 2010 comezaron a realizar-

se avaliacións de resultados de aprendizaxe en función de competencias básicas, infravalorando (e desaparecendo) do sistema de indicadores os relativos á avaliación de procesos educativos, entre os que se incluían a orientación e a titoría. Isto xa podería significar algo para comprender a situación actual.

Para finalizar este repaso do estado da cuestión en materia de acción titorial, faise referencia ao estudo exploratorio elaborado recentemente polo Grupo de Investigación Diagnóstico e Orientación Educativa e Profesional (DIOEP) da USC, en relación aos IES que teñen colaborado co Practicum de CC. da Educación (Nogueira, Ceinos e Fernández, 2016). Nel constatouse que a maior parte dos centros posúen programación da acción titorial, xa sexa no PAT ou noutros documentos do centro, respondendo aos imperativos legais. Non obstante, o grao de aplicación do programado e o seu axuste ao contexto e necesidades do alumnado parecen non estar á altura, se se compara coa función docente. Noutras palabras, non todo o profesorado está disposto a “saír da súa materia” para ensinar temas transversais relacionados cunha formación integral. Xa sexa por falta de formación específica (García, 2011), pola complexidade das tarefas (López, 2013) ou por falta de actitude ou compromiso (Sanz, 2010), a titoría nos centros educativos, sobre todo nos de secundaria, atópase nunha situación de fragilidade, derivando na existencia de PAT de carácter burocrático (Comellas, 1999), botándose de menos o liderado do orientador/a na procura dunha maior implicación para o desenvolvemento da acción titorial (García, 2011).

Con todo, cabe matizar que o contexto anterior non é xeneralizado, e que cada centro dinamiza as tarefas das diferentes áreas da titoría segundo as súas

peculiaridades (contexto, niveis educativos, características do profesorado, cultura de centro, etc.), dependendo, con frecuencia, as experiencias máis enriquecedoras das iniciativas de carácter individual desenvolvidas de forma voluntaria por parte do profesorado co seu alumnado. E grazas.■

REFERENCIAS

- AYLLÓN, L., BENEDÍ, N., BONILLA, C., CALLEJA, J. A., G. P. e MARTÍN, J. (2006). *Sistema estatal de indicadores de la educación 2006*. Madrid: Ministerio de Educación, Cultura y Deporte, Instituto Nacional de Calidad y Evaluación.
- COMELLAS, M^a. J. (1999). La tutoría en la ESO. Estudio de su valoración en una población de Barcelona (prov.). *Educar*, 24, 111-128.
- GARCÍA, J. (2011). La importancia de la acción tutorial del docente. *Innovación y Experiencias Educativas. Revista Digital*, 38. Recuperado de <https://goo.gl/2WNUlZ>
- LÓPEZ, E. (2013). Aproximación a la percepción y satisfacción del profesor tutor de Secundaria Obligatoria respecto a su labor. *RIE*, 11(1), 77-96.
- NOGUEIRA, M. A., CEINOS, C. e FERNÁNDEZ, E. (setembro de 2016). *Visión de las realidades de la acción tutorial en secundaria desde las experiencias de practicum del alumnado del master en profesorado de la USC*. Comunicación presentada no III Congreso Internacional sobre Diagnóstico y Orientación, Universidad de Jaén.
- SANZ, R. (2010). El profesor como tutor: un reto a consolidar en el ejercicio profesional de la orientación. *REOP*, 21(2), 346-357.
- SOBRADO, L. M. (2007). La tutoría educativa como modelo de acción orientadora: perspectiva del profesorado tutor. *XXI, Revista de Educación*, 9, 43-64.